



## PROGRAMA FUNCIONAL PARA A CONSTRUCCION DUN CENTRO DE DIA E RESIDENCIAL [CDR]

O presente documento ten por obxecto defini-los criterios e programa de necesidades que sirvan de base á redacción dos Proxectos de Centros de Día e Residenciais da Rede Pública Galega.

### PROGRAMA FUNCIONAL:

O CDR configúrase como unha unidade residencial de 24 prazas e un centro de día con capacidade para 54 usuarios [ 30 externos + 24 internos].

Prevese, ademais, a instalación do servizo de comida sobre rodas, comedor social e lavandería sobre rodas.

En base a estas previsións, establécese o seguinte

### PROGRAMA DE NECESIDADES:

AREA RECEPCION		20,00m <sup>2</sup>
<b>Vestíbulo</b>	15,00m <sup>2</sup>	
Contará con elemento cortaventos con porta de apertura automática e o control-recepción cun pequeno mostrador.		
Roupeiro	5,00m <sup>2</sup>	
AREA ACTIVIDADE		232,00m <sup>2</sup>
<b>Sala Polivalente</b>	80,00m <sup>2</sup>	
Con funcións de sala de estar, televisión, xogos, multimedia e demais actividades que se poidan desenvolver. Poderá, ademais, incorporar o espazo do deambulatorio. Será un espazo con iluminación e ventilación natural directa.		
<b>Sala de actividades</b>	30,00m <sup>2</sup>	
Poderá ser unha sala independente ou ben un espazo diferenciado da sala polivalente. Estará dotada de armarios para almacenaxe do material.		
<b>Sala de Rehabilitación</b>	20,00m <sup>2</sup>	
Desenvolveranse actividades de fisioterapia e rehabilitación menor. Deberá contar con iluminación e ventilación suficiente e equipamento específico: espaldeira, colchoneta, roda de ombro e paralelas.		
<b>Comedor</b>	60,00m <sup>2</sup>	
Será exterior [iluminación e ventilación natural directa]. Contará con acceso directo dende a cociña e terá acceso directo dende o exterior se o centro conta con comedor social.		
<b>Habitación de descanso [optativa]</b>	12,00m <sup>2</sup>	
Dependencia de descanso con capacidade para 2 camas.		



<b>Baños asistidos [2 uds]</b>	10,00 m <sup>2</sup>	
Será adaptados conforme á normativa de accesibilidade. Estarán dotados de inodoro, lavabo e ducha asistida a ras de solo e equipados coas axudas técnicas necesarias. A ducha carecerá de prato, resolvendo o desagüadoiro mediante a pendente do propio chan cara un sumidoiro sifónico de gran absorción, facilmente desmontable para limpeza. Contará con contedores herméticos para os cueiros e ventilación natural ou forzada.		
<b>Taquillas</b>	5,00m <sup>2</sup>	
Para gardar o material persoal de cada usuario: obxectos persoais e de hixiene. Deberá estar preto dos baños.		
<b>Aseos [2 uds]</b>	9,00m <sup>2</sup>	
Serán adaptados conforme á normativa de accesibilidade. Estarán dotados de inodoro e lavabo e equipados coas axudas técnicas necesarias		
<b>Oficio limpo</b>	3,00m <sup>2</sup>	
<b>Oficio sucio</b>	3,00m <sup>2</sup>	
<b>AREA RESIDENCIAL</b>		<b>333,00m<sup>2</sup></b>
<b>Control enfermería</b>	5,00m <sup>2</sup>	
<b>Habitacións dobres con baño [8 uds]</b>	152,00m <sup>2</sup>	
Sup.= 15,00m <sup>2</sup> +4,00m <sup>2</sup>		
<b>Habitacións individuais [8 uds]</b>	72,00m <sup>2</sup>	
Sup./hab.= 9,00m <sup>2</sup>		
<b>Baños habitacións individuais [4 uds]</b>	20,00m <sup>2</sup>	
Sup./baño= 5,00m <sup>2</sup> . Cada baño será compartido por 2 habit.		
<b>Enfermería</b>	9,00m <sup>2</sup>	
Estará constituída por unha habitación individual con cama articulada e mesiña para persoas con problemas de mobilidade. Non terá carácter residencial.		
<b>Baño xeriátrico</b>	7,00m <sup>2</sup>	
Debe permitir o xiro dunha camilla de ducha.		
<b>Comedor-sala de estar</b>	40,00m <sup>2</sup>	
<b>Aseos [2 uds]</b>	9,00m <sup>2</sup>	
Serán adaptados conforme á normativa de accesibilidade. Estarán dotados de inodoro e lavabo e equipados coas axudas técnicas necesarias		
<b>Oficio limpo</b>	3,00m <sup>2</sup>	
<b>Oficio sucio</b>	3,00m <sup>2</sup>	
<b>Cuarto limpeza</b>	3,00m <sup>2</sup>	
<b>Almacén</b>	10,00m <sup>2</sup>	
<b>AREA ADMINISTRATIVA/ATENCION PERSOAL</b>		<b>65,00m<sup>2</sup></b>
<b>Despacho Dirección</b>	15,00m <sup>2</sup>	
Desenvolveranse funcións administrativas.		
<b>Antesala/sala de xuntas</b>	20,00m <sup>2</sup>	
Fará as funcións de sala de espera e de visitas, e sala de xuntas. Estará comunicada directamente co despacho.		
<b>Despacho axuste persoal</b>	15,00m <sup>2</sup>	
Para uso dos profesionais encargados das funcións de atención individual e de atención ás familias: traballador social,		



psicólogo, etc.		
<b>Sala de curas/consulta médica</b>	15,00m <sup>2</sup>	
Disporá de zona de exploración, consulta e farmacia. Deberá contar cun lavabo.		
<b>ESPAZOS AUXILIARES</b>		<b>157,00m<sup>2</sup></b>
<b>Cociña</b>	40,00m <sup>2</sup>	
O seu deseño, instalacións e materiais adaptaranse á normativa vixente sanitaria. Non se poden mesturar os percorridos de limpo e sucio. A dimensión e dotación de equipamento industrial debe contempla-la posibilidade do servizo de comida sobre rodas e comedor social. Deberá contar cunha zona diferenciada para a preparación e manipulación de alimento, lavado de menaxe, e para o empratado e preparación de carros. Contará con saída directa ó exterior.		
<b>Despensa cociña</b>	10,00m <sup>2</sup>	
Estará situada anexa á cociña, e estará complementada polo almacén de víveres, que pode estar situado na zona de almacenaxe xeral.		
<b>Lavandería</b>	35,00m <sup>2</sup>	
Contará con espazos diferenciados para lavado, secado, pasar o ferro e clasificación de roupa. De contar co servizo de lavandería sobre rodas, disporá de saída directa ó exterior. Recoméndase a súa ubicación en planta soto ou ben en zonas alonxadas das salas de estar.		
<b>Vestiarío homes</b>	10,00m <sup>2</sup>	
Para unha previsión mínima de 3 traballadores. Deberá adaptarse ás esixencias da normativa de accesibilidade. Contará con zona de cambio de roupa, taquillas e lavabo, inodoro e ducha.		
<b>Vestiarío mulleres</b>	12,00m <sup>2</sup>	
Para unha previsión mínima de 6 traballadores. Deberá adaptarse ás esixencias da normativa de accesibilidade. Contará con zona de cambio de roupa, taquillas e lavabo, inodoro e ducha.		
<b>Sala instalacións</b>	15,00m <sup>2</sup>	
<b>Almacén produtos limpeza</b>	5,00m <sup>2</sup>	
<b>Almacén de víveres</b>	10,00m <sup>2</sup>	
<b>Almacén material</b>	20,00m <sup>2</sup>	
<b>SUMA SUPERFICIE UTIL</b>		<b>807,00m<sup>2</sup></b>
Circulacións [35 %]		282,45m <sup>2</sup>
<b>TOTAL SUPERFICIE UTIL</b>		<b>1.089,45m<sup>2</sup></b>
Tabiquería [15%]		163,42m <sup>2</sup>
<b>TOTAL SUPERFICIE CONSTRUIDA</b>		<b>1.252,87M<sup>2</sup></b>
Urbanización exterior		1.000,00m <sup>2</sup>

**SUPERFICIE DE PARCELA MINIMA RECOMENDABLE: 2.000M2**



## PRESUPOSTO ESTIMADO

<b>PRESUPOSTO EXECUCIÓN MATERIAL</b>		<b>933.043,75 eur</b>
Edificación: 1.252,87m <sup>2</sup> x625,00eur/m <sup>2</sup>	783.043,75 eur	
Urbanización exterior: 750,00m <sup>2</sup> x200,00 eur/m <sup>2</sup>	150.000,00 eur	
Gastos Xerais [13%]		121.295,69 eur
Beneficio Industrial [6%]		55.982,63 eur
SUMA		1.110.322,06 eur
Ive [16%]		177.651,53 eur
<b>PRESUPOSTO TOTAL</b>		<b>1.287.973,59 EUR</b>

## PRESCRIPCIONS TECNICAS

### INSTALACIÓNS

- Recoméndase a calefacción por chan radiante.
- Recoméndase a instalación de climatización e renovación de aire (impulsión-extracción) polo menos na sala polivalente e comedor.
- Instalación de timbre de chamada de emerxencia nos baños, mediante un sistema de tirador ou pulsador accionable dende o chan.

### MATERIAIS

#### PAVIMENTOS

Baños e aseos: pavimento continuo en rolo, antiesvarante, de pvc tipo "Tarkett" de "Sommer" ou similar, con formación de media cana e zócalo de 15 cm.

Cociña: pavimento que cumpra a normativa sanitaria, continuo e antiesvarante.

Resto dependencias: pavimentos continuos sintéticos de doada limpeza e antiesvarantes: linóleo, pvc, resinas epoxi, caucho, etc.

#### PORTAS

De 90cm ou 1m de paso libre no Centro de Día. No módulo residencial, portas de habitacións de 1,05m. Realizadas con taboleiro aglomerado, canteadas con madeira maciza e acabado en chapa de formica. Levará un zócalo protector de aceiro inoxidable na parte inferior de 30cm. As portas dos baños e aseos abrirán cara fóra, podendo ser tamén de corredeira.

#### FIESTRAS

Antepeito a unha altura máxima de 60 cm. do chan. Dotaranse dun sistema de escurecemento e protección solar tipo persianas, estores etc...



## BAÑOS/ASEOS

Permitirán a inscrición dun círculo de 1,50m. Dotaranse das seguintes axudas técnicas: barra abatible no lado de acceso ó inodoro, barra fixa ou asideiro no outro lado do inodoro, barra inclinada ou en ángulo na ducha, asideiro na ducha. Contara cun contador hermético para os cueiros.

## CORREDORES

Os corredores deberán ter unha largura mínima de 1,80m no Centro de Día. Os corredores de acceso ás habitacións terán unha largura de 2,20m. En todo caso, cumprirase a normativa de accesibilidade e eliminación de barreiras e de protección contra incendios.

## MOBILIARIO

Todo o mobiliario do centro deberá ser específico para uso xeriátrico, cumprindo os parámetros de ergonómia, hixiene e funcionalidade do mesmo. Non presentará cantos vivos ou aristas. A estrutura das butacas xeriátricas e cadeiras será de madeira maciza de 1ª calidade, con ancoraxes ocultos inoxidables, sen cravos. O tapizado será non poroso e de doada limpeza, tipo “ambla” ou similar.

O equipamento mobiliario do centro non se debe incluír dentro do proxecto de obra en ningún caso.

## VARANDAS

A unha altura entre 80 e 90cm. Serán de madeira ou material de tacto cálido, non metálicas. Deberán dispoñerse en todos os percorridos previstos, tanto interiores como exteriores. Procurarase a súa existencia a ámbolos dous lados no percorrido previsto como deambulatorio.

## ASCENSORES

O Centro, no caso que se desenvolva en dúas alturas, estará dotado dun ascensor montapadiolas.

## URBANIZACIÓN

A urbanización do espazo libre da parcela resolverase como área verde de esparcemento, incluíndo zonas de xardín e paseos peonís libres de obstáculos para deambulatorio, dos cales, unha parte, deberá estar cuberto mediante elementos tipo pérgola. Tódolos elementos da urbanización e os accesos ao centro serán axeitados á tipoloxía dos usuarios, cumprindo estritamente os parámetros da Base 1 do Código de Accesibilidade.

Preverase unha zona de aparcadoiro de coches e un reservado para o transporte adaptado.